

## EXPLOTACIÓN DO REXISTRO DE GANDO BOVINO 2001-2002

No marco de actuación do Plan Galego de Estatística 2002-2006, en particular no Programa Anual de Estatística do 2002, figura a actividade estatística número 3.5.1. Explotación do Rexistro de Gando Bovino. Esta actividade persegue coñecer-lo número e características das explotacións de bovino galegas a partir dos datos recadados da Campaña de Saneamento Gandeiro, levada a cabo pola Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural. A explotación deste rexistro administrativo permite a obtención de datos provinciais, comarcais e municipais e a caracterización das explotacións segundo tipoloxía, número de animais e distribución por razas.

Nesta ocasión o proceso de revisión sanitaria permitiu o control de **939.848 bovinos** nun total de **63.414 explotacións**, distribuídos nas seguintes clases:

Vacas de muxidura:	508.186 (54,07 %)
Vacas non de muxidura:	246.328 (26,21 %)
Outros bovinos:	185.334 (19,72 %)

O número de explotacións de bovino continua na súa traxectoria descendente dende o máximo revisado no ano 1990 (125.613 explotacións). Sen embargo o número de vacas vai en aumento nos últimos anos. O incremento dende a anterior campaña foi do 7,89%, o que supón pasar de 9,5 vacas por explotación de vacún a 12,23.

Máis da metade das explotacións de vacún atópanse situadas en dimensións inferiores a 10 animais por explotación, maioritariamente no estrato de 1 a 2 animais. Só un 6,3% das explotacións totais superan a cifra de 50 animais por explotación. Polo que respecta ás explotacións de muxidura, aínda que a estrutura mellora un pouco (maiores porcentaxes nos estratos intermedios), segue sendo bastante deficiente, con preto do 58% de explotacións leiteiras con menos de 20 animais. En xeral, a proporción de reproductoras leiteiras aumenta respecto doutras tipoloxías a medida que aumenta a dimensión da explotación, o que apunta cara unha especialización leiteira.

Na análise provincial cabe sinalar que Ourense segue sendo a provincia con menor número de explotacións de bovino (5.492), a meirande parte de non muxidura (80,7 %), e menor número de reses por explotación. Pódese dicir que o sector da produción de carne se atopa maioritariamente localizado na provincia de Lugo, especialmente en explotacións de tamaño pequeno-medio, co maior número de bovinos por explotación de Galicia (20,68).

Nas outras dúas provincias equilíbriase o número de explotacións de muxidura e non muxidura, aínda que se segue manifestando a tendencia xeral da especialización leiteira, pois o número de vacas de muxidura segue sendo superior.

En canto á distribución por razas, coherentemente coa orientación da nosa comunidade, a predominante é a raza frisona (59,05 % do total de bovino). Tamén son significativas as razas de cruces e rubia galega (21,06 % e 17,10 % respectivamente), esta última ten presenza, sobre todo, na provincia de Lugo.

Se observamos a distribución comarcal, as comarcas máis relevantes en número de explotacións na provincia de A Coruña son: Ordes con 3.444 explotacións, Santiago con 2.583 explotacións e Bergantiños con 2.487. Cabe destacar o número de vacas de muxidura na comarca de Ordes que supón o 21% do total da provincia.

En Lugo o número de explotacións na Terra Chá supón un 23,85% do total, seguida das comarcas de Lugo e Sarria cun 15,89% e 11,05%. Destacan as comarcas de Chantada e Meira polo número de vacas de muxidura por explotación, máis de 18.

A distribución das explotacións de bovino en Ourense atópase bastante espallada ó longo da provincia. Nembargantes sobresaen as comarcas de O Carballiño, Terra de Celanova e A Limia, aínda que sumando as tres non chegan ás 2.000 explotacións.

Pola contra, en Pontevedra, as explotacións concéntranse en poucas comarcas, así O Deza, Tabeirós-Terra de Montes, Pontevedra e Vigo suman o 65% do total. Sen dúbida, a meirande proporción de gando localízase na comarca do Deza: 30% das explotacións, 70% do total de bovino, 78% de reproductoras de leite e 50% das de aptitude cárnica. En conxunto, o 94% das vacas de muxidura concéntranse en O Deza e Tabeirós-Terra de Montes.

O concello de Galicia con maior número de explotacións é Vilalba con 1.269, tamén é o de maior número de vacas de carne (7.111). Síguelo o concello de A Estrada con 1.255 explotacións, Lalín con 1.132 e Santa Comba con 921. Finalmente, resaltar polo número de vacas de muxidura por explotación os concellos de Pol e A Pastoriza, con 28,33 e 27,97.